

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de marzo de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata as 0'18 horas
Lugar	SALON DE SESSIONS (Non admite a participación de público por mor das medidas de seguridade e distanciamento social derivadas da crise sanitaria do Covid-19)
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Monica Montserrat Peña Otero e D. José Carlos Trigo Trigo.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 28/01/2021 (Expte. PLN/2021/1)



Dáse conta das actas da sesión celebrada o día 28/01/2021.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación á referida acta.

2.- Expediente 1205/2021. Aprobación orzamento municipal 2021

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous (2) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE e Somos Cambados, un (1) en contra do grupo municipal do BNG e catro (4) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e grupo mixto Cambados Pode.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2021

Formado o Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico 2021, así como as súas Bases de Execución e demais documentos anexos, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto así mesmo o Cadro de Persoal a aprobar xunto co orzamento do exercicio 2021, de acordo co disposto no artigo 90,1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 126 e 127 do R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal, de data 16/03/2021.

Aos efectos establecidos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a Ditame da Comisión Informativa de Facenda e posterior remisión ao Pleno da seguinte proposta de ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2021, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Estado de Gastos			
Capítulo	Denominación	Importe	%
	A) Operaciones No Financieras		
	A1) Operaciones Corrientes		
I	GASTOS DE PERSONAL	4.123.140,07	47,3 %
II	GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	3.908.938,30	44,84 %
III	GASTOS FINANCIEROS	3.033,63	0,03 %
IV	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	339.750,00	3,9 %
V	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0 %
	Total	8.374.862,00	96,07 %
	A2) Operaciones de Capital		
VI	INVERSIONES REALES	48.000,00	0,55 %
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	49.000,00	0,56 %
	Total	97.000,00	1,11 %
	Total No Financieras	8.471.862,00	97,19 %
	B) Operaciones Financieras		



VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	22.000,00	0,25 %
IX	PASIVOS FINANCIEROS	223.270,31	2,56 %
	Total Financieras	245.270,31	2,81 %
	Total Gastos	8.717.132,31	
Estado de Ingresos			
Capítulo	Denominación	Importe	%
	A) Operaciones No Financieras		
	A1) Operaciones Corrientes		
I	IMPUESTOS DIRECTOS	2.635.500,00	28,79 %
II	IMPUESTOS INDIRECTOS	165.000,00	1,8 %
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	1.865.602,00	20,38 %
IV	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	4.363.616,55	47,67 %
V	INGRESOS PATRIMONIALES	102.500,00	1,12 %
	Total	9.132.218,55	99,76 %
	A2) Operaciones de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	0,00	0 %
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0 %
	Total	0,00	0 %
	Total No Financieras	9.132.218,55	99,76 %
	B) Operaciones Financieras		
VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	22.000,00	0,24 %
IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0 %
	Total Financieras	22.000,00	0,24 %
	Total Ingresos	9.154.218,55	

SEGUNDO. Aprobar o Cadro de Persoal do exercicio 2021.

TERCEIRO. Expor o Orzamento e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

Da conta, igualmente, das catro emendas presentadas por parte do concelleiro D. José Ramón Abal Varela (3) e D. Xurxo Charlín Trigo (1).



O Sr. Charlín Trigo da lectura á seguinte intervención,

“O Goberno municipal do Concello de Cambados trae a este pleno Ordinario do mes de Marzo un orzamento que para este ano superan os 9 millóns de euros, se ben coas subvencións concedidas e outros ingresos previstos para investimentos superarán amplamente os 10 millóns de euros.

Estes orzamentos teñen como prioridade absoluta axudar a aquelas persoas e colectivos máis afectados pola pandemia. Así, con respecto ao anterior orzamento municipal incrementase máis dun 148% a partida destinada a Servizos Sociais, duplicase o investimento destinado a promoción económica, e incrementase o investimento en educación, cun incremento que triplica o investimento no Plan Madruga e na partida destinada a limpeza e desinfección de todos os centros de ensino público, coa finalidade de reducir o risco de contaxio dos alumnos e do persoal docente.

Son os Orzamentos da historia de Cambados con maior gasto social.

No tócate os ingresos, neste exercicio conxélanse os impostos e redúcense taxas como a do lixo, o que supón un aforro directo para as familias e empresas de Cambados duns 50.000 Euros neste tributo a partir deste ano.

Por outra banda incrementanse as transferencias de outras administracións ao Concello, de tal maneira que as transferencias do estado superan por primeira vez os 3 millóns de euros, sendo o maior ingreso que percibe o Concello en 2021, así Cambados fornecese neste 2021 con máis fondos doutras administracións que dos impostos que se lle cobran directamente polo Concello a veciñanza.

No relativo aos gastos, as partidas de Servizos Sociais serán as que concentren a maior subida das contas municipais para o ano 2021, cun incremento que ronda os 200.000 €, e que irán destinados a axudar ás familias que máis están padecendo a crise económica e social provocada pola pandemia, e que suporán a principal prioridade do goberno cambadés. Dende o Goberno municipal queremos destacar o esforzo do actual goberno para manter as subvencións destinadas a todos os clubs deportivos e asociacións culturais, a pesar de que desde o inicio da pandemia as restricións

decretadas pola Xunta e as autoridades sanitarias están a limitar a súa actividade ata o punto de case paralizar estes sectores. Somos conscientes do importante labor que fan os clubs deportivos e asociacións culturais, nos que participan centos de cambadeses, a maioría deles nenos e nenas, polo que se manteñen as mesmas axudas que se outorgaban antes do inicio da pandemia. Ademais de incrementar novas axudas nominativas para novos investimentos para Asociacións de Cambados e cumprir con compromisos de anteriores gobernos.

O concello de Cambados cumpriu estritamente coas políticas de contención do gasto, cumprindo no 2020 tanto coa regra de gasto como a estabilidade orzamentaria segundo indican os informes de intervención, arroxando un saldo positivo de 22.147,97 euros no 2020, desta maneira o Concello de Cambados tivo un gasto computable no pasado exercicio de 10,3 millóns de euros, o que supón investir un 99,8% dos ingresos municipais do pasado ano, por iso é posible incrementar os gastos sociais e aplicar bonificacións a aqueles sectores económicos afectados polo peche da actividade económica decretada polas autoridades sanitarias.

A capacidade de xestión do goberno municipal quedou acreditada o ano pasado coa consecución dun total de 2 millóns e medio de euros de subvencións das distintas administracións públicas, recibindo un total de 1.286.000. euros da Comunidade Autónoma e 1.238.000 euros da Deputación de Pontevedra, se ben desa cantidade a fin de ano, a pesar de realizar o Concello de Cambados o gasto comprometido, aínda tiña pendente de ingresar 1.175.657,07 euros destas axudas, principalmente da Xunta de Galicia, así por exemplo aínda non se ingresou no Concello de Cambados a día de hoxe 178.083,12 Euros do Obradoiro de Emprego de 2018 ou 200.670,39 do correspondente ao mesmo obradoiro do exercicio 2019, o que levou a pechar o exercicio anterior cun remanente de tesourería negativo duns 440.000 €, que vai ter que ser aplicado nas contas deste ano mediante a contención do gasto.

Este equipo de goberno municipal, é consciente que a pandemia que estamos a vivir causou un deterioro moi grande na economía e nas finanzas dos veciños de Cambados. Por este



motivo, tratamos de paliar todo isto aumentando as partidas do orzamento do concello que van destinadas a axudar a poboación que máis o precisa nestes intres tan difíciles para todos, toda vez que, entendemos que son mais importantes as persoas que os números ou as contas.

Este foi o Orzamento máis difícil de realizar dos catro que leva elaborados esta concellaría de Facenda, pero temos claro que era preciso traer este documento ao Pleno para poder atender as necesidades actuais da poboación motivadas pola Pandemia da Covid-19. Así traemos un orzamento que dentro das posibilidades que ten o Concello de Cambados prioriza nos servizos sociais e nas asociacións, na educación e na Promoción Económica para poder axudar aos sectores que máis están a sufrir a pandemia da Covid-19.

Presentamos un Orzamento serio, responsable e equilibrado

Un ano máis como nos anteriores seis anos sen aumentar a débeda do Concello a pesar da situación que estamos a vivir e da redución dos ingresos. Posiblemente, e en función da evolución da Pandemia, teñamos que facer modificacións de crédito para ter que atender novas necesidades que poidan surxir, pero entendemos que demos dispoñer de este documento canto antes para poder ter os medios axeitados dende o Concello de Cambados para poder atender a veciñanza.

Tratase dun Orzamento SERIO, por que é realizable, non hai partidas infladas para “quedar ben” e que despois non se poidan executar.

Un Orzamento RESPONSABLE xa que esta feito destinando tódolos recursos posibles en atender as necesidades dos veciños e das familias de Cambados.

E sobre todo EQUILIBRADO por que facemos todo isto reducindo os ingresos e axustando ao máximo as partidas, e un ano máis dende que eu son concelleiro de Facenda sen subirlle os impostos aos veciños, aplicando bonificacións as empresas e as familias que máis o precisan sen ter que recorrer ao endebedamento do Concello.

Levamos seis anos sen ter que pedir un préstamo e sacando as contas do Concello adiante.

Solo quero dicir 3 apuntes antes de comezar o debate:

En referencia aos Salarios, o Goberno municipal ven de presentar unha emenda ao Orzamento onde renunciámos expresamente aos mesmos con tal de que se permita por parte dos grupos da oposición a aprobación do documento, destinando estes fondos as áreas de Promoción Económica para poder axudar aos comerciantes e hostaleiros de Cambados e para que se dote unha partida de investimento en cultura para que se poidan acondicionar as Casas de Cultura de Cambados despois de estar un ano pechadas pola pandemia.

Pero neste tema pedimos que non se engane a xente, esta partida non é máis do 1% do orzamento, e o importe é inferior por suposto a dos gobernos do Partido Popular en Cambados, e incluso a do anterior goberno no que eu tamén estaba. O que non se pode dicir e por que se leve esta partida no Orzamento e que se aprobe o documento, que maña imos cobrar, iso non é certo, e dicir iso, ou ben é descoñecer a norma, ou o que é peor aínda, intoxicar e mentir aos veciños.

Un segundo apunte quero facer referencia e a Participación na elaboración do documento, e aproveito a ocasión para agradecer aos sectores económicos que participaron na elaboración do documento nesta tan difícil situación. Os Orzamentos teñen propostas de todo o goberno municipal, dos responsables dos distintos departamentos do concello de Cambados, dos principais sectores económicos da nosa vila (o sector do Mar, o Comercio e a Hostaleira e o sector do Viño) e tamén pedimos propostas aos grupos da oposición.

Foi o ano, e a pesar da Pandemia que estamos a sufrir, que maior contacto se tivo coa sociedade Cambadesa para a elaboración do Orzamento, abrimos un camiño na participación da cidadanía na elaboración dos orzamentos por primeira vez na historia de Cambados e que hoxe anuncio aquí, este goberno ten intención de continuar nos seguintes anos.

E para rematar quero falar da inclusión das obras e investimentos no documento, queremos deixar claro que foi por decisión do goberno, pero inda así se vos dou traslado aos grupos da oposición na Comisión Informativa dos mesmos, por un montante total de 1,2 millóns de euros. Sendo algunha destas obras que se van a realizar neste ano, propostas polos propios grupos políticos da oposición, e por outra banda, a gran maioría delas, obras de mantemento e reparación de bens públicos que precisan unha urxente intervención por parte do Concello.

Por iso, solicitamos aos grupos da oposición que teñan en conta a situación tan excepcional



que estamos a vivir, deixando de lado calquera tipo de estratexia política de bloqueo institucional, e que pensedes única e exclusivamente nos veciños de Cambados, permitindo a aprobación deste documento tan necesario nestes momentos que estamos a vivir. Por que este, é o Orzamento cun maior gasto social da historia de Cambados.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que a tramitación dos orzamentos 2021 iniciouse cunha oferta do goberno para unha dedicación exclusiva do Sr. Aragunde Aragunde a cambio da aprobación do documento.

Solicita a convocatoria da Comisión de reconstrucción económica e social e a convocatoria de todos os seus colectivos.

Da conta das emendas presentadas ao orzamento municipal e da imposibilidade de aportar investimentos para os mesmos.

Critica os datos económicos e a existencia dun remanente de tesouraría negativo.

Contrapón os bos datos económicos da época do cuatripartito aos da actualidade e da conta das súas denuncias de despilfarro.

Di que continuará fiscalizando ao concelleiro de economía e da falta de licitación de servizos pendentes.

Critica que non se lle faciliten os saldos bancarios do Concello e as actas das reunións con colectivos.

Da conta da súa proposta de escudo social e de achegas aos colectivos afectados pola pandemia e agarda que o goberno municipal vote a favor das súas iniciativas.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di non comprender tanta presa en aprobar os orzamentos cando se leva dous anos sen eles.

Di que non se entende o talante ao presentar uns orzamentos sen posibilidade de plantear alternativas e coa ameaza dunha cuestión de confianza enriba.

Critica que se convoque a prensa para as reunións de negociación sen a existencia de acordos e a falta de participación para a conformación do Plan Concellos.

Fala da falta de negociación e de enterarse pola prensa de asuntos que son obxecto de negociación.

Di que o documento, sen Plan Concellos, cáseque non é nada ao restrinxirse a gastos de persoal e correntes.

Sinala que o Convenio cos veciños de Vilariño para arranxar o cemiterio trátase dunha compra indirecta de votos e amosa unha política caciquil.

Da conta do rexeitamento do documento por estes motivos.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que os orzamentos que se traen son especiais pola situación de pandemia e que non admiten máis demora.



Defende que é un documento participativo, con incrementos en gastos de servizos sociais, limpeza e desinfección, investimento e incremento de partida de desenvolvemento económico.

Da conta da supresión dos salarios dos concelleiros e dunhas partidas para reactivación económica e de mellora en centros socioculturais.

Refírese á oposición das emendas á totalidade do grupo mixto Cambados Pode e considera, en relación á emenda parcial, que non se amosa de acordo no destino planteado ao suplementarse unha partida que se considera excedentaria.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que existe unha decepción co documento que considera que se trata dunha obra teatral do goberno municipal preocupado, en grande medida, polos seus salarios.

Da conta da presentación polo seu grupo de propostas no mes de setembro que, incluso eran refrendadas polo goberno municipal pero que, en última instancia, a súa execución se vinculaba á concertación dunha operación de crédito.

Di que se lles pon de manifesto que non se contemplan as obras dos Plans Concellos ao considerarse que as obras non se executan na anualidade á que corresponden, algo que non poden asumir e é produto dunha xestión caótica.

Manifesta que o listado de obras do Plan Concellos foi elaborado de forma unilateral polo goberno municipal e que se manteñan os salarios dos concelleiros.

Di abraiarse que no día da celebración da sesión se presenta un documento no que se retiran os salarios dos concelleiros.

Di que o 88 % do orzamento vai para gastos de persoal e correntes e critica a escasa cuantía dos investimentos dos centros escolares e de medio ambiente.

Da conta de que non se poña en marcha as rutas seguras ao colexio e que non hai axudas directas ao comercio e á hostelería. Conclúe que non houbo participación á hora de elaborar o documento.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que os acordos aos que se chega con Cambados Pode non permiten a aprobación dos orzamentos.

Rebate as acusacións en relación aos importes existentes nas contas bancarias.

Critica a política de despilfarro do Sr. Abal Varela na súa etapa de goberno e da necesidade de abonar as facturas pendentes.

En relación ao BNG manifesta que non asistiron ás reunións de negociación ás que foron convocados; di que é unha mágoa que non consideren importantes no orzamento as aportacións a servizos sociais e considerar que se debe restrinxir a servizos sociais e das políticas das subvencións levadas a cabo polo seu goberno.

Con respecto ao PP critica que non se teña en conta o gasto social e que tan só se



preocupen do ladrillo. Pide ao grupo popular que pense na xente e non só nas obras.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) insiste nas emendas presentadas polo seu grupo (reforzo de escudo social e axudas directas a colectivos afectados) para as cales o goberno municipal manifestou a súa predisposición favorable.

Critica a deficiente execución das obras executadas en Covas de Lobos que están a producir riscos de accidentes. Incide, ademáis, na exclusión de representantes do colectivo mar-industria na elaboración dos orzamentos.

A Sra. Alcaldesa di que se se vota a favor das emendas á totalidade dos orzamentos non se aproban senón que se devolve o documento.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) manifesta que é preciso convocar a comisión económica de reconstrución e social e pide o apoio da unanimidade da Corporación para aprobar axudas aos colectivos afectados.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que se leva dous anos sen orzamento e agora se queren aprobar nunha semana. Defende levar nas listas electorais a representantes de colectivos municipais.

Pide que deixe de culpabilizarse á oposición municipal da non aprobación dos orzamentos municipais e que o concelleiro de economía cese nas súas acusacións.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) non comparte a acusación de falta de tempo para aprobar o documento.

Defende que si se contemplan demandas do Partido Popular (incremento da partida de servizos sociais, reactivación económica, parques e xardíns e renuncia aos salarios dos concelleiros).

Defende, igualmente, a actuación municipal na execución das obras do colexio de San Tomé.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) nega que tan só estean preocupados polo ladrillo pero defende a importancia dos investimentos e que, en relación a estes, se lles presentou un listado pechado.

Da conta do ofrecemento do goberno municipal dunha dedicación á oposición a cambio da aprobación dos orzamentos municipais.

Insiste na necesidade de dotar de fondos a servizos sociais e de reducir as listas de agarda.

Manifesta as súas dúbidas e adianta unha reunión coas asociación de Cambados para aclarar o reparto destas axudas.

Solicita unha aclaración da Secretaría e Intervención en relación a estas emendas que se presentan nun último momento.

Solicita ao goberno municipal unha forma de traballar mais seria.



A Sra. Interventora aclara que entende que a emenda á totalidade se destinaría a suscripción dun crédito íntegro para incrementar unha aplicación orzamentaria.

Manifesta que ese crédito debería amortizarse antes da renovación da Corporación e incluso nesta mesma anualidade.

Di que se permite aprobar unha operación de crédito para paliar o remanente de tesouraría negativo, non para incrementar o gasto.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) explica que no caso de aprobarse a emenda se devolva o orzamento para incorporar esas axudas directas.

O Sr. Secretario sinala que a aprobación da emenda á totalidade implicaría a devolución do orzamento e da innecesariedade de votar o resto das emendas parciais.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta das dificultades para aprobar o orzamento na situación de pandemia e de que se mantiveron quince reunións para consensuar o documento.

Insiste en que o debate non debe xirar en torno aos investimentos na situación social na que nos atopamos e na renuncia ás retribucións do equipo de goberno e solicita o apoio da oposición ao documento.

A Sra. Alcadesa explica que a votación a favor das emendas á totalidade implica a devolución do orzamento e a posibilidade de vincular a mesma a unha cuestión de confianza.

Da conta, igualmente, do informe da Intervención Municipal en relación ás emendas á totalidade presentada polo concelleiro José Ramón Abal Varela.

Fai alusión á representatividade da confederación mar-industria e a capacidade que ten o Patrón Maior do Concello de Cambados para representar a todo o sector.

Con posterioridade chama a orde ao Sr. Abal Varela ata en dúas ocasións.

Refírese, a continuación, á emenda presentada polo Sr. Charlín Trigo e a forma de votación das emendas.

Por parte do Sr. Secretario aclárase que o procedemento de votación das emendas parciais será o habitual; primeiro se somete a votación a toma en consideración da emenda e, se prospera o ditame rectificado.

Por parte da Sra. Alcadesa dase conta da seguinte emenda ao ditame presentada por parte do concelleiro D. José Ramón Abal Varela (Registro de Entrada de 22.03.2021),

"Tódalas administracións públicas deben contribuír na medida das súas posibilidades á reactivación da economía local a través de axudas directas que permitan compensar ou mitigar en parte os efectos das restricións que tiveron que sufrir por mor do Covid-19. Sabemos que hai sectores que foron especialmente golpeados en Cambados polos peches



perimetrais como son o comercio, a hostalería e a restauración entre outros. Non debemos esquecer tamén a todos aqueles autónomos, pemes e pequenas empresas vinculadas á cadea de distribución da hostalería que viron reducidos substancialmente os seus ingresos.

Para a asignación destas axudas será necesario a redacción dunhas bases que nós consideramos deben ser consensuadas na Comisión de Reconstrucción Económica e Social aprobada no Pleno do mes de Xullo do 2020 e que aínda non foi posta en marcha polo goberno municipal.

No exercicio 2020 o Concello de Cambados tivo uns malos datos económicos reflectidos en un remanente de tesourería negativo de -437,086,24€. Ante unha situación como esta de dificultades de liquidez para afrontar o pago de facturas a curto prazo a Lei Reguladora de Facendas Locais prevé 3 escenarios para compensar ese remanente negativo:

- 1.- Aprobar un orzamento con superavit no 2021 por contía igual ao déficit producido. (Opción elixida polo goberno municipal)
- 2.- Reducir os gastos do novo orzamento por contía igual ou déficit producido.
- 3.- Acudir ao concerto dunha operación de crédito polo importe de ese remanente negativo dado que se cumpren as condicións do artigo 175.5 da mencionada Lei.

A opción elixida polo goberno municipal supón que o orzamento proposto terá un superávit de 437.086,24€ imposibilitando a alternativa de poder empregar ese diñeiro en partida algunha.

Por todo elo, o Grupo Municipal Mixto de Cambados Pode somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación da seguinte emenda: A devolución dos orzamentos para o exercicio 2021, instando ao goberno municipal a que realice unha nova proposta incluíndo unha partida económica de 437.086,24€ no Capítulo 4 (Económica 4) de TRANSFERENCIAS CORRENTES para axudas directas á economía local. Para elo será necesario que o goberno municipal opte por concertar unha operación de crédito para compensar ese remanente de tesourería negativo (opción 3 da páxina anterior), o que posibilitaría a disposición desa cantidade para destinar a axudas directas aos sectores económicos afectados pola pandemia. As bases desas axudas directas serán consensuadas na Comisión de Reconstrucción Económica e Social, aprobada no Pleno do mes de Xullo de 2020”.

Sometida a votación o Pleno, por un voto a favor do concelleiro integrado no Grupo Mixto Cambados Pode, sete votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e nove abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e BNG acorda rexeitar a emenda anterior.

Por parte da Sra. Alcaldesa dáse conta da seguinte emenda ao ditame presentada por parte do concelleiro D. José Ramón Abal Varela (Registro de Entrada de 25.03.2021),

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha situación de pandemia como a que estamos a vivir é fundamental escoitar e ter en conta as propostas e suxerencias de tódolos axentes económicos e sociais para a elaboración duns orzamentos participativos que nos permitan a reactivación económica e social do noso pobo.

No pasado mes de xullo de 2020 aprobouse a posta en marcha dunha comisión de reconstrucción económica e social composta polos seguintes integrantes:

- 1.- Representante de FECA (Federación de empresarios da Comarca de Arousa)
- 2.- Representante do Grupo Municipal do Partido Popular de Cambados.
- 3.- Representante do Grupo Municipal do Partido Socialista de Cambados.
- 4.- Representante do Grupo Municipal do BNG de Cambados.
- 5.- Representante do Grupo Municipal de Somos Cambados de Cambados.
- 6.- Representante do Grupo Municipal de Cambados Pode de Cambados.
- 7.- Representante da Asociación Galega de Empresarios de Depuradores de Moluscos AGADE.



8.- Representante Da D.O. Rías Baixas.
 9.- Representante da Confraría de Pescadores “SAN ANTONIO” de Cambados.
 10.- Representante da Asociación de Mejilloneros de San Saturnino de Cambados.
 11.- Representante do Sindicato CIG – Confederación Intersindical Galega.
 12.- Representante do Sindicato CC.OO – Comisións Obreiras.
 13.- Representante do Sindicato UGT – Unión Xeral de Traballadores.
 Resulta realmente indignante e lamentable que o Concello de Cambados se reunise practicamente con tódolos integrantes desta comision excepto con 2 importantes asociacións vinculadas cos sectores productivos e co sector Mar-Industria: a Asociación de Mejilloneros de San Saturnino de Cambados e Agade.
 Un sectarismo de esta dimensión é inaceptable en política, polo que cremos que é necesario reiniciar o proceso de construción dos orzamentos 2021 sen deixar a ninguén atrás.
 Por todo elo, o Grupo Municipal Mixto de Cambados Pode somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación da seguinte emenda:
 A devolución dos orzamentos para o exercicio 2021, instando ao goberno municipal a que realice unha nova proposta de carácter participativo consensuando este documento con tódolos axentes económicos e sociais de Cambados para acordar un documento que sirva para reactivar a economía local de Cambados. Temos que estar todos xuntos nun momento tan importante como o que estamos a vivir e polo tanto ninguén pode quedar atrás.”

Sometida a votación o Pleno, por un voto a favor do concelleiro integrado no Grupo Mixto Cambados Pode, sete votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e nove abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e BNG, acorda rexeitar a emenda anterior.

Por parte da Sra. Alcadesa deuse conta da seguinte emenda ao ditame presentada por parte do concelleiro D. Xurxo Charlín Trigo (Registro de Entrada de 25.03.2021),

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vista a situación económica e social derivada da Pandemia da Covid-19 e as negociacións mantidas cos distintos grupos municipais para poder aprobar o orzamento municipal, nas que manifestaron a súa disposición a facilitar a aprobación dos orzamentos sempre e cando non se inclúan no documento a partida económica destinada aos salarios dos cargos electos; este goberno en aras de acadar o consenso suficiente que permita a aprobación do orzamento municipal 2021 o antes posible, acorda renunciar á inclusión nos orzamentos da partida económica dos salarios dos concelleiros e renunciar a toda posibilidade de percibir unha remuneración polo noso traballo no Concello de Cambados neste exercicio.

En base ao exposto, o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda en nome do Goberno Municipal de Cambados solicita a incorporación no Orzamento da seguinte emenda:

Orzamento Estado de Gastos	Partida Orzamentaria	Descrición	Importe Orzamentado	Importe Enmenda
Concello de Cambados	Económica 1 Aplicación: Programa 9120 Económica 10000	RETRIB. CARGOS ELECTIVOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	124.800,00 Euros	- 84.800,00 Euros
Concello de Cambados	Económica 2 Aplicación: Programa 4311 Económica 22699	GASTOS DIVERSOS EN PROMOCIÓN ECONÓMICA	30.000,00 Euros	+ 42.400,00 Euros
Concello de Cambados	Económica 6 Aplicación: Programa 3340 Económica 62200	INVESTIMENTOS EN CENTROS CULTURAI	0,00 Euros	+ 42.400,00 Euros

44



Sometida a votación o Pleno, por sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados, oito votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode e dúas abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do BNG acorda rexeitar a emenda anterior.

Por parte da Sra. Alcadesa dáse conta da seguinte emenda ao ditame presentada por parte do concelleiro D. José Ramón Abal Varela (Registro de Entrada de 22.03.2021),

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica e social que estamos a vivir por mor da crise do Covid-19 está provocando que moitas familias se encontren nunha situación de máxima vulnerabilidade e que sexa necesario que as administracións públicas reforcen o escudo social para protexer a todos aqueles que máis están a sufrir esta tremenda situación.

Somos conscientes de que o goberno municipal incrementou nunha cantidade importante a partida económica destinada a servizos sociais, pero consideramos que dada a conxuntura actual de que o ritmo de vacinación non está indo ao ritmo que debera é moi probable que a economía local siga empeorando nos próximos meses polo que é fundamental prever este hipotético escenario nos orzamentos municipais de Cambados para o ano 2021.

Por todo elo, o Grupo Municipal Mixto de Cambados Pode somete á consideración do Pleno da Corporación a aprobación da seguinte emenda:

Orzamento Estado de gastos	Partida orzamentaria	Descrición	Importe orzado	Importe Emenda
Concello	Económica 1 Aplicación: Programa 9120 Económica 10000	Retribución cargos electivos dos órganos de goberno	124.800,00 Euros	- 84.800,00 Euros
Concello	Económica 2 Aplicación: Programa 2310 Económica 22105	Fondo Emerxencia Social	50.000,00 Euros	+ 84.800,00 Euros

Sometida a votación o Pleno, por un voto a favor do concelleiro integrado no Grupo Mixto Cambados Pode, sete votos en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e nove abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e BNG, acorda rexeitar a emenda anterior.

Unha vez rexeitada a toma en consideración das emendas someteuse a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo.

Sometido a votación o Pleno por sete votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados pode acorda rexeitar o ditame anterior.

A Sra. Alcadesa adianta que unha vez rexeitado o ditame do orzamento, plantearase unha cuestión de confianza nun Pleno que se celebrará nun prazo de quince días.



3.- Expediente 846/2021 Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por catro votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Cambados Pode) e tres abstencións do grupo municipal do PP, no que se recolle o seguinte:

“Visto que a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Visto que no ano 2020 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda estableceu unha bonificación no canon unitario para 2021, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano anterior e que para poder beneficiarse desta bonificación as entidades locais deberán adoptar as medidas para poder trasladar con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.

Vistos os informes que figuran no expediente.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello o seguinte **ACORDO**:

- **PRIMEIRO.-** Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, engadindo unha nova Disposición Adicional cuarta co seguinte texto:

“Disposición Adicional cuarta

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos establece unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A minoración practicarase **no padrón do último cuadrimestre** do exercicio, en cada un dos recibos que se emita. Sobre as tarifas vixentes aplicaranse as seguintes bonificacións:

— Ano 2021: 14,85 %

— Ano 2022 e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 14,85 %

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Expor ao público a modificación durante un prazo de trinta días hábiles, a contar a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión



da provincia.

TERCEIRO.- No caso de que non se presentaran reclamacións, entender definitivamente adoptado o acordo e publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.”

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención:

“O Goberno municipal do Concello de Cambados trae a este pleno Ordinario modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos coa pretensión de que os recibos da taxa de recollida de lixo no Concello de Cambados véxanse reducidos en a partir deste ano. Así, solicitouse á Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) que estableza unha bonificación do 10% no canon unitario para o presente exercicio.

No expediente que se tramitou, a instancia da Concellería de Medio Ambiente, e do Concellería de Economía e Facenda, Xurxo Charlín, establece que o Concello se compromete a adoptar as medidas para poder trasladar o importe equivalente da mencionada bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establecendo unha redución no imposto do lixo entorno ao 5% a toda a veciñanza e empresas de Cambados. Ademais, o concello comprométese a levar a cabo unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos denominados envases lixeiros.

Trátase dun proxecto que están a realizar as áreas de Medio Ambiente e Facenda de Cambados de forma conxunta, para conseguir melloras que repercutan de forma directo na calidade de vida, pero tamén nos petos das cambadesas e cambadeses, por iso é polo que a bonificación no canon unitario será repercutida directamente nas familias e empresas de Cambados.

Esta modificación na factura de Sogama suporá un aforro previsto nos custes do lixo de 47.096,76 Euros para o Concello de Cambados e que se lle vai aplicar directamente a veciñanza, pasando duns custes totais de 973.963,17 Euros previstos para 2021 sen esta modificación do canon de Sogama, a uns custes totais reducidos de 926.866,50 Euros na recollida do lixo.

Non é a primeira ordenanza fiscal que modificamos facéndoa máis vantaxosa para os cambadeses, así nos últimos anos, modificáronse as ordenanzas fiscais creando novas bonificacións sempre pensando na economía, na creación de emprego e no benestar dos habitantes deste municipio, chegando a reducir o imposto da urbana un 24%.

Con estas medidas tamén se pretende reducir a cantidade de lixo que se bota ao colector xenérico, e promover a reciclaxe. Deste xeito darase un paso máis no compromiso de respectar ao medio ambiente e na concienciación municipal con respecto á importancia de actuar para reducir o volume de residuos que se xeran na actualidade, así nos últimos anos acadouse unha diminución sensible no volume de lixo do colector verde, pasando de 6.332,36 toneladas en 2018 a un total de 6.148,86 toneladas en 2020 e incrementando as 268,34 toneladas de residuos reciclados dos colectores amarelos en 2018 a un total de 319,06 toneladas en 2020.

Visto que a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Visto que no ano 2020 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda estableceu unha bonificación no canon unitario para 2021, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano anterior e que para poder beneficiarse desta bonificación as entidades locais deberán adoptar as medidas para poder trasladar con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente



ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.

Vistos os informes que figuran no expediente.

Proponse ao Pleno do Concello o seguinte ACORDO:

- PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, engadindo unha nova Disposición Adicional cuarta co seguinte texto:

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos estableza unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A minoración practicarase no padrón do último cuadrimestre do exercicio, en cada un dos recibos que se emita. Sobre as tarifas vixentes aplicaranse as seguintes bonificacións:

- Ano 2021: 14,85 %

- Ano 2022 e sucesivos (en tanto se mantéña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 14,85 %

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) adianta que votarán a favor da proposta. Acusa ao Sr. Charlín Trigo de falta de credibilidade ao non apoiar a emenda de Cambados Pode.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que apoiarán a proposta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que apoiarán a proposta.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que non hai acordos con alguén que trae emendas á totalidade.

A Sra. Alcaldesa chama a atención ao Sr. Abal por interromper as intervencións e avísalle de que ante unha nova chamada a orde terá que ordenarlle abandonar a sesión.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) solicita que as intervencións se cingan ao punto da orde do día

Sometido a votación o Pleno por unanimidade, ACORDA.

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, engadindo unha nova Disposición Adicional cuarta co seguinte texto:

“Disposición Adicional cuarta

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos estableza



unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A minoración practicarase **no padrón do último cuadrimestre** do exercicio, en cada un dos recibos que se emita. Sobre as tarifas vixentes aplicaranse as seguintes bonificacións:

— Ano 2021: 14,85 %

— Ano 2022 e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 14,85 %

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Expor ao público a modificación durante un prazo de trinta días hábiles, a contar a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia.

TERCEIRO.- No caso de que non se presentaran reclamacións, entender definitivamente adoptado o acordo e publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

4- Expediente 1142/2021 Delegación da instrución do procedemento sancionador en materia de tráfico no ORAL

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior por dous votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados e cinco abstencións dos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode, no que se recolle o seguinte:

“O texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, atribúe aos entes locais determinadas facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tanto de tributos propios como dos restantes ingresos de Dereito público e, ao mesmo tempo, permite a súa delegación noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas. A complexidade que a realización destas tarefas comporta, así como a súa relevancia dentro do máis amplo ámbito da Facenda Local, aconsella a utilización de fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a lexislación local aplicable. Desde o 1 de xaneiro de 1994 a Deputación P. de Pontevedra, a través do ORAL (o seu órgano de xestión tributaria e catastral), exerce as facultades delegadas cunha eficacia en aumento progresivo ao longo dos anos, tal e como o entenderon a inmensa maioría dos concellos da provincia que xa delegaron ou veñen ampliando as delegacións efectuadas a novos ingresos públicos municipais.

Á vista do escrito, propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO ACORDO

Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento



de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, de conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, ás facultades de:

*** A fase instructora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.**

As presente delegación ven a complementar a acordada por este Pleno en data 31.08.2006 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data de 28.02.2007 e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

SEGUNDO.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.

TERCEIRO.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

Esta delegación terá a mesma vixencia que a mencionada no apartado primeiro á que complementa, acordada por este Pleno en data 31.08.2006 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 28.02.2007.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte a súa preceptiva publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- FACULTADES DA ALCALDÍA

Finalmente, autorízase ou facúltase á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.””

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) fala de complementar a colaboración coa Deputación Provincial que xa se viña levando a cabo desde o ano 2007 no relativo a delegación do proceso instructor das multas de tráfico.

Aclara que non se incrementa o custo económico e mantense a mesma porcentaxe que se viña pagando ata o de agora.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) interésase pola taxa.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que votarán a favor da proposta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que, igualmente, votarán a favor.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) agradece o voto a favor.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO ACORDO



Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, de conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, ás facultades de:

*** A fase instructora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.**

As presente delegación ven a complementar a acordada por este Pleno en data 31.08.2006 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data de 28.02.2007 e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

SEGUNDO.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.

TERCEIRO.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

Esta delegación terá a mesma vixencia que a mencionada no apartado primeiro á que complementa, acordada por este Pleno en data 31.08.2006 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 28.02.2007.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte a súa preceptiva publicación no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- FACULTADES DA ALCALDÍA

Finalmente, autorízase ou facúltase á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.

5.- Expediente 1254/2021. Proposta do Grupo Municipal do P.P. para esixir ao Goberno central que se supriman os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Mar e Medio Rural, por tres votos a favor (PP e Grupo Mixto Cambados Pode), dous votos en contra (PsdeG-PSOE e Somos Cambados) e unha abstención (BNG), que é do seguinte tenor literal:

“O Goberno central intentou hai un ano modificar o Regulamento de Costas, que suscitaba graves problemas xurídicos respecto do tempo da prórroga regulada pola Lei de 2013, que di que pode chegar a 75 anos, pero tamén polo escaso prazo para a participación pública para facer unha reforma tan radical. O Estado decidiu paralizar esta



modificación para, a continuación e sen dar información ao respecto, ir pola porta de atrás para que a modificación pasara aínda máis desapercibida e incluíla no proxecto de Lei de Cambio Climático.

Esta Lei incopora un artigo, o 18, que supón unha ameaza para o peche de todas as empresas que teñen concesións no espacio público de dominio marítimo terrestre. Este artigo descoñece a idiosincrasia do territorio galego, e de toda a industria marítimo terrestre na nosa costa.

Concretamente, os puntos 3 e 4 do artigo 18, xeran gran inseguridade xurídica á hora de renovar ou conceder títulos concesionais de explotación para continuar exercendo actividades económicas na liña de costa. Decenas de miles de empresas, miles en Galicia e centenaes na nosa provincia, non van saber si poderán seguir exercendo a súa actividade nos próximos anos.

O órgano consultivo do consello de Estado analizou este artigo 18 da Lei de Cambio Climático e fixo importantes consideracións ao respecto ao sinalar que o anteproxecto establece un criterio “diferente do que resulta da literalidade do artigo segundo da lei 2/2013”.

- ✓ *O Consello de Estado vén a recoñecer expresa e claramente que a literalidade da lei actual de Costas permite conceder prórrogas extraordinarias de ata 75 anos e que a nova regulación cambio o criterio existente.*
- ✓ *Que a regra da nulidade de pleno dereito dos actos que non respecten a duración máxima de 75 anos debe aplicarse exclusivamente “a los actos administrativos que se dicten con posterioridad a la entrada en vigor de la Ley cuyo anteproyecto se dictamina.*
En este sentido, procedería sustituir la expresión “dictados” por “que se dicten”, con el fin de dejar claramente establecido que se trata de los actos posteriores a la Ley”.
- ✓ *O Consello de Estado vén tamén a recoñecer expresamente que a regra da nova lei non pode aplicarse a prórrogas xa concedidas conforme á lei de Costas.*
- ✓ *Que debería modificarse expresamente a lei de Costas para dar unha seguridade xurídica e non introducir unha modificación da Lei de Costas na Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica. Un dos argumentos que dá o Estado para non modificala é que a nulidade das concesións que excedan do prazo de 75 anos aplicarase para os actos que se diten no futuro. Máis se é así, por que non o di claramente na Lei?*

Pero ademais de alterar a duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre, tamén se deixa a porta aberta a que sexa un órgano consultivo o que outorgue ou denegue as prórrogas con total discrecionalidade, o que crea unha inseguridade xurídica para todas elas.

Polo tanto, o Goberno está incluíndo modificacións importantes nunha lei que non é a de Costas, nunha lei que non ten que recoller este tipo de cuestións e, con elo, está poñendo en risco numerosas empresas da cadea mar-industria da nosa costa, milleiros de postos de traballo dun sector que demostrou ser punteiro nos últimos anos.

Os colectivos de empresarios denuncian unha posible perda, en peches e desinversións, de máis de 10.000 millóns de euros en Galicia, e os representantes dos traballadores advirten que poden perderse milleiros de empregos. Estamos a falar dun impacto terrible na nosa economía, que podería chegar ao 3% do PIB de Galicia. Estamos falando de conserveiras, depuradoras, cocedoiros, todo o sector estratéxico do mar que conta cunha autorización no dominio público marítimo terrestre e que ven perigar as súas concesións.



Pero na nosa provincia esta Lei afecta tamén á continuidade de Ence, un peche que suporía a perda de máis de 5.000 postos de traballo directos e indirectos, e poñer en risco a continuidade de moitas empresas auxiliares. O peche de Ence suporía un forte impacto económico para toda a comarca de Pontevedra, nun momento especialmente complicado no que non podemos permitírnos perder un sector produtivo que en Galicia e nesta comarca é fundamental. O 46% da madeira que se produce en España cada ano se produce en Galicia.

O Partido Popular está preocupado polas importantes repercusións que van ter para a economía e o emprego da provincia a aprobación da Lei de Cambio Climático.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. Apoio unánime de toda a corporación para defender os milleiros de postos de traballos que están en risco no sector mar-industria de aprobarse a actual proposta da Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica.*
- 2. Apoio unánime de toda a corporación para defender os postos de traballo que xera Ence, de xeito directo e indirecto, en toda a provincia.*
- 3. Instar ao Goberno central a que suprima os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático.”*

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da lectura á proposta presentada.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que votarán a favor da proposta en sintonía co acordo adoptado en Pleno de xullo de 2020.

Apunta que existe a novidade das referencias á defensa do emprego que xenera Ence. Nese sentido manifesta que ao seu grupo lle gustaría que esa factoría non se atopase nese emprazamento pero no actual contexto económico non parece viable a súa saída.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que está de acordo coa esencia da moción matizando que o seu grupo político atópase en contra da permanencia de Ence na ría de Pontevedra

Polo cal, plantea unha emenda verbal ao segundo punto da proposta do seguinte tenor literal,

“Apoio unánime de toda a Corporación para, trasladar Ence da ría de Pontevedra, defender os postos de traballo que xera Ence, de xeito directo e indirecto, en toda a provincia.”

Argumenta que a cuestión non é meramente estética tendo en conta que a riqueza productiva da ría depende, en grande medida, da saída de ENCE.

Da conta da existencia de fondos europeos que se poderían aproveitar para este tipo de iniciativas.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que a proposta presentada resulta reiterativa á xa foi acordada polo Pleno en xullo.

Considera moi claro que Ence ten que saír da ría de Pontevedra, que permanece na mesma de forma alegal tras unha prórroga outorgada polo goberno de Rajoy tendo que haber abandonado o seu emprazamento xa en 2018.



A Sra. Alcaldesa da conta dunha xuntanza con representantes do sector mar industria que lle trasladaron que esta moción non se atopa consensuada co sector.

Diferencia ao sector do mar da do papel. Da conta de que o acordo adoptado polo Pleno o 16 de xullo que xa obra no Ministerio.

Fai valer que o Partido Popular presentouse ás eleccións nos anos 2009 e 2012 defendendo o traslado de Ence.

Amósase a favor da reforma do artigo 18 da Lei de cambio climático como xa se expresaron no seu momento.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) fala da necesidade de defensa dos postos de traballo e non entende a posta en dúbida da sostibilidade das empresas vinculadas ao mar.

Di que non é momento de poñer unha data de traslado de Ence no momento actual aínda que recoñece que o seu emprazamento non é bo e que mais tarde ou temprano tendrá que saír de alí.

Defende que con esta moción se defende a todo o mundo e considera que non é o momento de poñerlle a soga ao cuello a Ence.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) manifesta non parecerlle mal aproveitar fondos europeos para non perder postos de traballo e trasladar Ence na actualidade resulta complicado. Adiantan a idea de apoiar a moción e, incluso, a emenda do BNG.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) incide na idea de apoiar a proposta coa súa emenda.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) considera unha contradicción defender Ence e a defensa do marisqueo porque ambas as dúas son cousas incompatibles.

A Sra. Alcaldesa sinala que unha fábrica de papel non ten por que ubicarse ao lado do mar. Incide na necesidade de modificar o artigo 18 da Lei para dar a maior tranquilidade e seguridade xurídica ao sector.

Da conta do fracaso do Alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade na proposta de ubicación dunha planta de Ence de coxeneración eléctrica en Cerdedo en 2017 vinculada á biomasa.

Incide en que o sector mar-industria non se atopa de acordo con que se lle inclúa con Ence na moción.

Sometida a votación a toma en consideración da emenda presentada polo grupo municipal do BNG o Pleno por dous votos a favor do grupo municipal do BNG, sete en contra do grupo municipal do PP e oito abstencións dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e Grupo Mixto Cambados Pode rexeita a súa toma en consideración.

Sometido o asunto a votación o ditame o Pleno por oito votos a favor (PP e Grupo Mixto Cambados Pode), sete votos en contra (PsdeG-PSOE e Somos Cambados) e



dúas abstencións (BNG) ACORDA:

1. Manifestar o apoio da corporación para defender os milleiros de postos de traballos que están en risco no sector mar-industria de aprobarse a actual proposta da Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica.
2. Manifestar o apoio da corporación para defender os postos de traballo que xera Ence, de xeito directo e indirecto, en toda a provincia.
3. Instar ao Goberno central a que suprima os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático.

6.- Expediente 4894/2020. Proposta de CAMBADOS PODE solicitando a creación dunha Comisión sobre o funcionamento do Centro de Saúde de Cambados

O Sr. Secretario da conta da seguinte proposta:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A pandemia do Covid-19 supón o maior desafío ao que nos enfrontamos como sociedade nestas últimas décadas. Sen dúbida, a crise sanitaria que estamos a sufrir está provocando a saturación do sistema sanitario público.

As medidas de prevención implementadas, por mor do coronavirus, pola Comunidade Autónoma referente á atención telefónica, está xerando numerosas queixas de usuarios e problemas de funcionamento no Centro de Saúde de Cambados. É de todos sabido tamén a recorrente falta de persoal ao longo destes últimos anos, o que desencadeou varias concentracións, manifestacións e mocións que se debateron no Pleno de Cambados esixindo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia solucións para reforzo de persoal en Atención Primaria e nos Servizos de Urgencia.

O pasado 10 de outubro de 2020 tivo lugar a última concentración enfronte ao centro de saúde, organizada polo BNG, e secundada polo PP e a plataforma veciñal Cambados Pode. Foi unha sorpresa para todos os asistentes a non presenza de ningún membro do goberno municipal de Cambados nun momento tan crítico como o que estamos a vivir. Cambados Pode defende a Sanidade Pública, Universal, Eficiente e de Calidade e para garantir isto é necesario a unidade de tódolos grupos políticos con representación na Cámara Municipal de Cambados.

Unha das queixas que máis escoitamos naquela concentración foi que a atención por parte dalgúns empregados públicos do centro médico era malísima e o trato lamentable. Esta situación non é sostible no tempo e os veciños e veciñas de Cambados merecen unha atención sanitaria digna.

Cónstanos que o Centro de Saúde de Cambados está a funcionar peor que outros da nosa contorna e polo tanto consideramos imprescindible que se faga unha diagnose rigurosa sobre os problemas de funcionamento do Centro para concibir un plan que nos permita desenrolar as medidas necesarias para solucionar os problemas existentes dende as raíces do mesmo. Para elo o obxecto desta moción é a creación dunha Comisión de Investigación para saber en profundidade e con rigos as causas que orixinan o mal funcionamento do mencionado Centro e dar a coñecer á poboación as verdadeiras razóns que están a provocar esta situación de deterioración da atención sanitaria.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.-Constituír unha Comisión de Investigación (“comisión informativa de carácter especial”) sobre o funcionamento do Centro de Saúde de Cambados composta por



representantes dos grupos políticos con representación nesta Cámara.

2º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia”.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) da conta da concentración no centro de saúde do pasado outubro de 2020.

Solicita unha Comisión de Investigación que se ocupe de como está a funcionar o centro de saúde e que se integre por todos os grupos políticos municipais.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) discrepa co representante do concelleiro de Cambados Pode no relativo a que se trata dun problema xeralizado, non vinculado únicamente a Cambados, e que é produto da privatización da sanidade pública.

Da conta da dificultade de crear unha Comisión de Investigación sobre algo sobre o que non temos competencia.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) afirma que os Concellos non teñen competencias en materia de sanidade. Argumenta que si é posible que exista unha reivindicación en relación a melloras no centro de saúde. Da conta das melloras executadas no centro de saúde por parte do Concello.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) defende que se está a invertir mais en sanidade que nunca tamén recoñece que existe mais demanda de especialistas poñendo como exemplo, a pediatría.

Considera preciso crear mais prazas Mir. Todos estes problemas, entende non se subsanan cunha Comisión de Investigación porque ao final non se trata dunha competencia municipal.

A Sra. Alcaldesa plantea que non se pode criminalizar a ninguén e por isto votarán en contra da moción presentada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno por un voto a favor (Grupo Mixto Cambados Pode), nove votos en contra (PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG) e sete abstencións (PP) acorda rexeitar a referida proposta.

Chegada a medianoite a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F. constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

*** Expediente 788/2021. Dación en conta da Liquidación do Orzamento do exercicio 2020**

*** Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 25/01/2021 ata o 22/03/2021)**



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

